

EN CONTINUA EVOLUCIÓN

Texto de SANTIAGO GINNobili

Ilustracións de GUIDO FERRO

Tradución de IAGO NICOLÁS

Encadernado en cartón. 21,3 x 27,5 cm. 36 páx. 16 €

[En continua evolución](#) (galego)
ISBN 978-84-19213-32-7. Ciencia.

[En continua evolución](#) (castelán)
ISBN 978-84-19213-33-4. Ciencia.

[En contínua evolució](#) (català)
ISBN 978-84-18558-62-7. Ciència.

[Em contínua evolução](#) (português)
ISBN 978-989-53367-6-0. Ciências.

[In continua evoluzione](#) (italiano)
ISBN 978-84-1343-189-5. Divulgazione.

Vexo na túa ollada que es unha persoa curiosa.

As persoas curiosas fanse moitas preguntas

e ás veces non lles chega coas respostas que encontran

nos libros, que lles dan na escola, que lles ofrece a súa familia...


Daquela, buscan respostas mellores e novas.

«En continua evolución» é un recoñecemento á figura e ao legado do naturalista Charles Darwin por sentar as bases do progreso científico formulando dúbidas, cuestionando as ideas establecidas e procurando novas respostas con audacia.

Nun ton coloquial e directo que interpela as lectoras e os lectores animándoos a “viaxar, observar, apañar, saborear, tocar, cavar, gabear...” como auténticos investigadores, o epistemólogo Santiago Ginnobili achéganos ao pensamento *darwiniano* para entender quen somos e de onde vimos, destacando a beleza, a complexidade e a diversidade do mundo que habitamos.

Porque este libro incide en que todos os organismos da Terra están emparentados a través dunha inmensa *árbore da vida* e que os seres humanos somos tan só unha pequena parte dunha gran familia.

A orixinal proposta estética de Guido Ferro combina imaxes inspiradas nos antigos libros científicos e ilustracións sorprendentes. Descritivas e humorísticas, reforzan o estilo actual e próximo deste libro informativo que pretende inculcar o interese e a curiosidade por parte das nenas e dos nenos cara á ciencia e a vida.



■ **Temática:** teorías de Charles Darwin; animais, ciencia e aventura.

■ **Idade recomendada:** desde 6 anos.

■ **Aspectos destacables:** ciencia, bioloxía, zooloxía, ecoloxía, epistemoloxía, natureza, teoría da evolución, árbore da vida, familia; libro informativo, experimentación, investigación.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/en-continua-evolucion-g>

Santiago Ginnobili

(Bahía Blanca, Buenos Aires, 1975)

Doutor en Filosofía, investigador do Consello Nacional de Investigacións Científicas e Técnicas -p principal organismo dedicado á promoción da ciencia e da tecnoloxía en Arxentina- e profesor de Filosofía na Universidade Nacional de Quilmes e na Universidade de Buenos Aires. Forma parte do consello editorial de *Metatheoria* (Revista de Filosofía e Historia da Ciencia). Especialista en filosofía da ciencia, é autor de numerosos libros e artigos sobre esta temática, ademais de relator en congresos e simposios académicos. A súa obra foi distinguida con varios premios de estímulo á investigación.

<https://santi75.wordpress.com/>

Guido Ferro

(Buenos Aires, 1986)

Empezou a debuxar na infancia e, con 27 anos, comezou a traballar como ilustrador e deseñador gráfico. Foi codirector da produtora audiovisual Sambayón Films. En 2016 participou na creación e dirección da serie web *Psicosomática*. Traballa para editoriais, revistas e proxectos multimedia. Tamén imparte cursos e obradoiros sobre ilustración e creatividade. A súa obra céntrase na defensa da natureza.

<https://guidoferro.com>

